

A PALLOZA

“ONDE É A TERRA CHÁ?”

Nun lugar moi lonxe de Galicia vivía un ancián que radicou toda a súa vida a buscar no mundo onde facer realidade as súas ilusións. Era como un mariñeiro, feliz no mar da viaxe e desexando embarcar cando estaba no porto do sedentarismo. Naceu para viaxar e por iso non casou nin fixo un fogar. Cando tivo que deixar de navegar, forzado polo peso dos anos e as enfermidades propias da súa lonxevidade, arriou con tristura as velas e quedou amparado no singular peirao familiar duns sobriños que acolleron a ese home que suspira por todo, pois ata sentía envexa do vento que, sendo tan vello, non cesaba de percorrer sitios. Pasaba as horas do día sentado na entrada da porta cos seus ollos perdidos no horizonte coma quen espera o barco que nunca chega. Os seus familiares pensaban que o seu tío toleaba porque dende uns meses o vello facía a todos, coñecidos ou descoñecidos, a seguinte pregunta

“Sabes ti onde é a Terra Chá?”.

Ninguén sabía responder e, a maior parte dos encuestados marchaba burlándose del e deixando ao vello afogándose na súa tristura e vendo que nin foráneos nin veciños daban resposta a súa sinxela cuestión.

A maior parte do pobo era da opinión que os sobriños, para o seu ben e o de todos, deberían ingresalo nalgún centro da terceira idade, incluso os máis osados ata dicían que debería facelo nun siquiátrico. ¡Pobre home! Triste é a vida cando algunha persoa, como pasaba neste caso, pide axuda para poder facer realidade as súas ilusións e os seus semellantes

A PALLOZA

levantan máis barreiras e cercenan a liberdade que temos todos de soñar. Ata iso, ata pensar en voz alta e lanzar un SOS resulta ofensivo neste mundo onde costa tanto abrir a man e a boca para axudar a ese ser que está afogándose porque é náufrago e vítima dos que non practican o amor cristiano.

Había quen, sabedor do costume do bo vello de facer esa pregunta, cambiaba de rúa para non escoitar as verbas del. Houbo quen decidiu poñerlle o alcume de Terra Chá e algúns raparigos insultaban ao pobre home berrando: "¡Chá, Chá!"

Non era o monstro tebano, nin o tolo do pobo, non facía dano nin estaba sen xuízo. El era todo bondade e por querer pedir axuda choraba de amargura ante ese mundo de

desconsiderados.

Soamente un neno, compadecido por el, cada vez que viña da escola parábase xunto del e dicía con voz queda: - "Señor, preguntei outra vez ao mestre pero sempre responde, ata de mal humor que xa debo saber que esta Terra é redonda". O avó fitando para o neno e collendo agarimosamente as súas tenras mans entre as súas dicía:- "Neniño, eu penso, estou case seguro de que hai un sitio onde a Terra é Chá".

O neniño contestaba: "-Señor, e se é Chá será un deserto e sendo así que ten de especial"

- "Non, filliño, respondía o avó, non busco un deserto se así fora xa utilizaría esa denominación, pero a Terra Chá é outra cousa, é precisamente coma un anaco de ceo que temos a sorte de atopar neste mundo e agora eu que xa estou canso de vivir, cando xa pasei polas depresións máis profundas, polos vales máis angostos e por serras tremendas, agora, como pasa cos ríos, é na chaira onde penso atopar ese sosego da espiritualidade... "

A PALLOZA

O neno, perdido xa na inmensidade chairega das verbas do home marchaba a xogar pero na súa cabeza quedaban revoloteando na árbore dos seus pensamentos aquelas palabras, verbas de sabio ou quizais sencillamente sentencias dun pensador.

Un día de decembro pasou o neniño pola porta e xa non veu ao vello, pensou que como facía frío estaría dentro, volveu outra xornada e preocupado preguntou aos seus sobriños por el e estes dixeronlle que desapareceu da porta facía varios días. Parece que todos estaban desexando iso, que voara nas azas dos seus pensamentos pois, ninguén buscou ao home nin denunciaron a súa ausencia. Dirían que nesta vida hai tantos tolos que non importaba perder un. Parece que se quedarán ceibes dunha carga. Os sobriños porque estaban cansos das risas dos veciños e estes porque preferían atoparse a un vello grosero e verde e non a quen consideraban un loro vello. Deron por morto ao home pero, aínda que as campás choraban a súa desaparición, posibelmente foron os bronces, o neniño e o crego os únicos que quedaron desasosegados pola ausencia daquel veciño; aínda que, pasados os meses algúns na súa ollada parece que, cando ían por aquel sitio, votaban de menos a ese home, pero non dicían nada, ninguén quería descubrir que no fondo terminaban queréndoo.

Transcurridos varios anos chegou a aquel pobo un viaxeiro e preguntou pola familia dun vello moi vello que facía un par de meses, en tempo do Nadal, pasou a mellor vida en Terra Chá. Cando escoitaron pronunciar ese nome todos sentiron medo e, abraizados acordáronse daquel veciño. Indicaron a aquel descoñecido a casa onde viviu e cando estivo ante os sobriños sacou do seu peto unha carta que remitía para eles aquel vello. Cando leron a misiva atoparon a seguinte mensaxe:

A PALLOZA

-“Queridos sobriños, perdón por marcharme sen despedidas, sen avisar, pero cando o anxo do Señor, en forma de home chegou xunto de min, tiña tanta presa que non podía sequera entrar a dicirvos adeus, pois El non soamente sabía onde era Terra Chá se non que viña ata ela porque ía inaugurarse o belén electrónico de Begonte e a súa presenza era moi necesaria. Ben, pero vou decirvos, por fin, onde está esa Terra. Ese lugar, recuncho celestial forma parte da provincia de Lugo en Galicia, sitio onde o miolo desa comunidade, o río Miño, ten preto o seu nacemento, xa sabía eu que na chaira é onde poden darse eses milagres, pois outro nome non podemos dar a que aí estea latexando o corazón da comunidade, ese belén de Begonte, luz de aurora que exclusivamente pode verse onde non hai depresións de pobrezas nin serras de riqueza materialista. Nela todo é tan semellante que os montes no parecen montes porque todo está igualado polo raseiro do amor e brezado polo aire da fraternidade. Non existen barreiras que marcan distancia, todo invita a quedarse, por iso o Neno Deus cada Nadal chega ata este centro cultural Domínguez Guizán e coa súa presenza esta terra vístese da cor que soamente podemos ver a xente que miramos cos ollos do corazón; por iso, queridos familiares, eu pedín ao crego que cando morra o meu corpo quede nesta Chaira porque creo que dende este anaco de ceo, este que Xesús escolle para nacer en Galicia, resultará máis doado chegar a ese outro. Terra Chá, onde non hai altos cumes de ambición, nin montañas encrespadas polo materialismo, nin val de perdición porque é a man de Galicia e na súa palma aberta, o Begonte de todos alumeando no inverno coa luz espiritual. Eiquí as panxoliñas que canta a coral begontina son ecos dos anxos; cando vexo esa coral actuando paréceme ver nela a figura daquel querubín que un día ata este sitio trouxo a miña persoa. Caen as folerpas de neve, pero esta neve sementa pureza e baixo esa nevada de felicidade invita ao recollemento, nese recollemento hai laboriosidade dinámica porque

A PALLOZA

todos (ferreiros, serradores, zoqueiros,....) coma no meu caso, escaparon do inverno no que vivían e fixéronse itinerantes para quedarse baixo o teito de Begonte que é o mesmo ceo e, pisar a Chaira verde que non é outra cousa que esa alfombra de esperanza que Deus tende para que tendo por terra soamente a Chá, a auténtica, saibamos valorar todo. Fai anos o crego de Begonte e José Rodríguez Varela, axudado por outros veciños preparon o berce porque iluminados polo Espírito Santo souberon que este era o sitio elexido, o preferido para que cada Nadal, Begonte fora o centro de atención e o seguirá sendo dende ese onte ata mañá porque na Chaira todo é actividade aínda que, como pasa no río, ese movemento sexa continuo e sen pausa pero como é de modestia, humildade vai paseniño a paseniño, parece que non existe porque non queren balbordo nen ruído. Por todo isto xa son feliz, xa non molestarei coa miña consabida pregunta, xa a miña tolería, como creían algúns, é sana cordura. Estade tranquilos pois cando chegue a morte xa me colle case no mesmo ceo e onde durmirei eternamente nos meses máis terribles de frío, neses Decembro e Xaneiro, estarei alumeado pola estrela máis fermosa, a do brillo espiritual e puntas de laboriosidade, este belén begontino. A terra toda debería ser Chá, man aberta ofrecendo axuda e nunca deserto, monte ou val que dificultan o noso camiñar. Non podo deixarvos nada material, pero si o ruteiro do tesouro máis grande para todo crente, a ruta para chegar ao Belén de Begonte, itinerario que na folla adxunta podedes ver por se algún día pensades que chegou o tempo de recoller esta riqueza e algún Nadal decidides facer o camiño. Unha aperta."

Todos quedaron abraiados e estaban tan atentos na lectura da carta que non se decataron que o viaxeiro desaparecera. Entón un dos presentes berrou:"

A PALLOZA

El atopou a resposta e nós aprendimos a grande lección”

Unha persoa anónima dixo a este narrador que nas edicións seguintes triplicáronse as visitas ao belén de Begonte; non foi este o motivo, porque ese acontecemento ten peso espiritual dabondo para non precisar do plano-guía que marcou o vello, pero, sen dúbida que todo axuda e non faltarían entre as visitas algún daqueles veciños e incluso os mesmos sobriños que, desengañados polos fogos fátuos do materialismo e, ateridos polo frío interior que produce a ambición, emprenderon o éxodo camiño da terra da promisión, a Terra Chá onde atopaban o tesouro da verdade.

Pepe Pol

A PALLOZA